



*Pérez Porto. 2019*



PÉREZ PORTO  
e  
CARME ROMERO





CARME ROMERO



So soñando coa lúa  
rompo as redes do teu mare  
e lixeira de equipaxe  
síntome ceibe outra vez

## Serea de cores (*Recuncho do bico*)

Hai pouco fomos a Fene visitar os ceramistas Francisco Pérez Porto e Carme Romero. Ao seu obradoiro dos traballos e dos soños. A Carme, nun momento, falounos dun romance de amor que acababa de escribir, e para máis satisfacción nosa pillou a guitarra e púxose a cantalo, axudada tamén pola voz do Francisco. E axiña, este, sacou unha carpeta e mostrounos unhas acuarelas nas que pintara as distintas escenas cantadas nas estrofas que nos deixaron así como envoltos nunha nube de cores. Era a historia chamada a **Serea de Cores**, triste e leda a un tempo e con esa forza grande na que nos anega a beleza figurada nunha serea gris e triste que acada o amor, berce sempre da alegría. Uníanse, pois, na tarde soleada, nese momento no que o mundo se encerra en exclusiva nos brazos dela, da beleza, a poesía, a música, a pintura e a palabra tenra e poderosa dos nosos artistas. Desexamos, nese intre feliz, que a xente toda puidese gozar dun momento tal e propuxémoslle ao Fran e á Carme facer unha exposición para mostrar o que nós estabamos a sentir e mirar.

Aquí, agora, amantes da arte, tedes ante vós recollido aquel momento, materializado tamén grazas á querida presidenta da Asociación Cultural Alexandre Bóveda, María Xosé Bravo, que amábel e interesada axiña na proposta, dispuxo este local íntimo da devandita asociación para a celebración e o goce dos nosos ollos. Enriquecido, ademais, pola arte xenuína dos seus protagonistas: a cerámica, que en placas coloreadas e brillantes modelou a Carme Romero partindo das 9 figuras que compoñen a imaxe da **Serea de Cores** e a súa historia de amor. O amor, sentido aquí como sinfonía entre o mar e os seus símbolos (peixes, caracois, algas, auga, pedra...) e o ceo, tamén cos seus (lúa, estrelas, nubes, sol...), navegando baixo o vivo colorido de cada detalle deliñado por ensoñados perfís que rematan ao final da historia con esa grande e impresionante Rosácea de amarelados pétalos que fan buligar en tempestades gratas o noso corazón.

Íntimo é o local da Asociación, íntima esta obra de amor nas láminas, placas e figuras dispostas á altura dos nosos ollos para poder gozalas unha a unha en intensidade. Mundo de cores en diálogo coas palabras; Natureza inmensa en todo o seu esplendor; sentimento e maxisterio do creador e creadora tan sabios e profundos. Intimidade desta exposición coma unha xoia especial ou coma un bico, expresión emocional do conseguido e conquistado para que o noso sentimento poida estoupar en estrelas amadas e intuídas tamén. *O Recuncho do bico*, pois, esta sala que hoxe garda a fermosa Serea con cabelos do Arco Iris, obra grande até onde a poidamos vivir, de Francisco Pérez Porto e Carme Romero, ceramistas que revolucionaron o barro nas súas mans de deidades creadoras; o barro, que é terra, coma dicir un anaco de nós mesmas.

Gozade, pois, amigos e amigas, sen freo, plenamente, cos sentidos todos, desta historia, deste bico que, por humilde e fermosísimo, se fai avivado corazón de cores en revolución. Parabéns, logo, e longa vida teñan.

Lois Diéguez

